


Resolucións da XVI Asemblea Nacional

1. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova saúda ao Bloque Nacionalista Galego que pasou a se converter na segunda forza política no noso país e única alternativa real de cambio. Renovamos o noso compromiso coa Fronte Patriótica para continuar expandindo o proxecto nacionalista e conquistar así a Galiza ceibe que queremos.
2. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova saúde e aplaude o sacrificio e o labor das traballadoras esenciais durante os períodos de confinamento. Nomeadamente, o persoal sanitario, persoal de coidados, persoal das tendas de alimentación e outros. Persoal que habitualmente son traballadoras mulleres e en precario. A todas elas o noso recoñecemento e gratitude. Ademais, reafirmamos a defensa dos sectores públicos e produtivos do noso País.
3. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova expresa a súa repulsa á criminalización feita polas diversas Administracións españolas e os medios de comunicación, da mocidade durante a pandemia da COVID-19, situándoa como o único colectivo responsábel de multitude de gromos. O virus non se espallou polos comportamentos da mocidade senón pola decisión política de situar á economía por riba das vidas humanas.
4. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova saúda á Confederación Intersindical Galega ás portas do seu congreso, após convertírese na primeira forza sindical no noso País. Só de man de ferramentas coma a CIG poderemos acadar melloras para a clase traballadora que nos permitan conquistar a verdadeira emancipación do noso pobo.
5. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova expresa a súa plena solidariedade internacionalista e antimperialista con todos os pobos do mundo que loitan contra a súa opresión



nacional e social, e pola liberdade, a paz e a soberanía e independencia das súas nacións. Nese sentido, enviamos o noso total apoio ao pobo cubano, palestino, saharai, kurdo, e todos aqueles que loitan pola súa liberdade e soberanía. Neste senso, saudamos ás compañeiras dos Países Catalans nesta Diada e trasladámoslles todo o noso apoio na loita pola liberación nacional e social do seu pobo.

6. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova quere facer lembranza daquelas que nos precederon na loita, tanto na Galiza como no estranxeiro. Neste 11 de Setembro lembramos o golpe de estado dado en Chile e a figura de Salvador Allende asasinado polo fascismo por desenvolver un proxecto que mellorou a vida do seu pobo. Allende vive!

7. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova mostra a súa repulsa polos crimes de odio que se están a dar no noso país, nomeadamente en forma de agresións machistas e LGBTfóbicas, e súmase á petición de xustiza para Samuel para que se esclarezan as circunstancias que rodearon este asasinato. Neste sentido, reafirma o seu compromiso coa loita feminista e LGBT, como única posibilidade para acadar unha Galiza verdadeiramente libre.

8. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova expresa a súa total repulsa á constante privatización e deterioro do ensino, protagonizada polo actual goberno da Xunta de Galiza e do Partido Popular. O noso total apoio ás estudantes, sindicalistas e profesionais que estiveron a pé de rúa confrontando os recortes de profesorado, a masificación de aulas e a constitución da universidade privada de ABANCA.

9. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova aplaude o anuncio de anulación da prórroga de permanencia de ENCE na ría de Pontevedra, e reafírmase na posición histórica do nacionalismo galego, defendendo o noso medio ambiente. Neste sentido, demandamos unha transición enerxética xusta, lonxe do expolio e os ataques aos nosos recursos. Ademais, arroupamos ao BNG da comarca de Pontevedra polos ataques que está a recibir.

10. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova sitúase en contra da manipulación informativa e da censura propias de réximes autoritarios, e saúda enerxicamente á iniciativas a prol da

democracia informativa e liberdade xornalística nos medios públicos como é Defende a Galega.

11. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova saúda a todas as iniciativas que loitan día a día pola dignidade e calidade da investigación, especialmente daquela feita en lingua galega, como son INVESTIGAL e a Asemblea de Investigadoras da USC.

12. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova quere solidarizarse publicamente coa plataforma de apoio a Chema Naia "Chema absolutión" e denunciar a campaña de criminalización contra este mozo coruñés que, por defender o centro social Escárnio e maldizer, enfronta unha petición de prisión de 4 anos.

13. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova parabeniza á Mesa pola Normalización Lingüística tras a aprobación da Iniciativa Xabarín, e apoiamos calquera outro proxecto que pule pola normalización lingüística do galego na nosa sociedade, especialmente entre as máis mozas.

14. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova denuncia todas as consecuencias do modelo depredador da Xunta de Galiza para a mocidade galega e para o conxunto do país. En contraposición á política de propaganda e grandes fastos que non deixan pouso no noso tecido económico e cultural, como acontece a miúdo coas políticas que desenvolve, entre elas a do Xacobeo, Galiza Nova demanda un modelo económico xusto, igualitario, que avogue por sectores estratéxicos, respectuosos co medio e unicamente dependentes dos intereses do pobo galego. Tamén esixe a fin da estafa legalizada en que se converteron as excepcións fiscais do modelo cultural da Xunta de Galiza, que marxina o noso idioma e as nosas artistas e que deturpa a nosa historia. Igualmente rexeita a turistificación e a xentrificación, aposta pola diversificación económica e reclama medidas para lograr cidades, vilas e aldeas pensadas para o pobo que as habita e vivenda digna para a mocidade.

15. A XVI Asemblea Nacional de Galiza Nova saúda a creación de Mocidade Galega pola Memoria e establécea como organización referencial na defensa da memoria histórica.